

PEZA DO MES

maio

2025



CÁLIZ TARDOGÓTICO

Cáliz tardogótico

O cáliz e a patena son os vasos sagrados primordiais dende as orixes da cristiandade, destinados a albergaren o viño e o pan, que serán convertidos no sangue e no corpo de Xesucristo durante a celebración eucarística como imitación do milagre da Última Cea. Deste xeito, é razón máis que suficiente para que os cálices fosen elaborados dende os inicios cunha coidada técnica, tratando de deseñalos conforme os estilos artísticos máis pioneiros e esbozando neles a ornamentación máis vangardista.

O cáliz que tratamos está confeccionado en prata na súa cor co interior da copa sobredourado, e responde ás seguintes medidas: altura, 20,5 cm; diámetro do pé, 14 cm; diámetro da copa, 8,5 cm. Foi adquirido para o museo da Comisión de Monumentos entre 1895-1898.

Carece de marcaxe e inscricións, de modo que non podemos certificar a autoría e a procedencia. A pesar disto, o que si se pode aventurar é a súa cronoloxía, pois responde a unha tipoloxía de cáliz tardogótico moi empregada nos talleres peninsulares da primeira metade do século XVI.

O cáliz gótico caracterízase polas amplas peañas, xeralmente con deseños estrelados, lobulados ou mixtilíneos, o que conduce en moitos casos a unha percepción desproporcionada da obra. Este será o motivo polo cal, no tránsito cara ao Renacemento, os baseamentos se vaian tornando en circulares (como sucede neste caso), e redúcese o diámetro, para lograr uns vasos máis equilibrados. Polo demais, podemos xeneralizar, a grandes trazos, que os cálices góticos obedecen a dous modelos perfectamente diferenciados; aqueles máis suntuosos, e polo xeral máis refinados, que intercalan nós moi avultados, nos que se emulan arquitecturas goticistas (sirva como exemplo o cáliz do Mosteiro de San Paio de Abeleda, en Castro Caldelas, actualmente integrado no tesouro da Catedral de Ourense). Un segundo prototipo é o que serve para proxectar pezas de carácter máis modesto, para uso diario, cun menor peso e, en consecuencia, máis económicas. Aquí, a maior diferenza radica no deseño da mazá, que vira as formulacións arquitectónicas por estruturas máis discretas, con formas poliédricas, esféricas...

Este cáliz do Museo Arqueolóxico adscíbese á última modalidade anteriormente citada, e o obradoiro

encargado da súa factura xa comezaba a assimilar as formulacións renacentistas, feito que queda patente ao idear o baseamento con forma circular, perseguindo así maior esvelteza e proporción. Non obstante, tamén é certo que se trata aínda dun pé moi amplo, particularidade gótica que se tardará en superar. A dita peaña circular conta cunha pequena pestana plana e un bordo lixeiramente cóncavo e liso. A continuación, un finíño cordón perlado bordea a parte central do pé, que se decora con seis lóbulos; tres carecen de ornamentación, e soamente presentan unha sucesión de arquiños todo ao redor, con catro diminutos círculos no arranque de cada un deles. A parte central dos lóbulos queda totalmente lisa; descoñecemos se é algo intencionado ou se quedaron sen rematar. Os outros tres son diferentes entre si; un deles, con decoración vexetal sobre un fondo picado e mate; o segundo contén na parte inferior o anagrama de Cristo, xerminando do «h» un motivo floral; e finalmente, o terceiro acolle a representación de varios instrumentos da Paixón: cruz, cravos, flaxelo... As enxuntas dos lóbulos énchense con flores cortadas. Estes baseamentos circulares con lóbulos decorativos e perfectamente marcados son debedores dos pés lobulados oxivais, e deron paso a unha tipoloxía de vaso que se vén coñecendo como cáliz de «pé acullerado».

Unha arandeliña dentada separa o pé do hastil poligonal e liso. O nó confórmano dous casquetes semiesféricos con galóns avultados, lisos e brillantes nos extremos, e con acabado mate no centro, conseguido mediante pequenas raias onduladas. Ao igual que acontece no pé, as enxuntas dos galóns tamén se decoran con elementos vexetais. Os corpos hemisféricos sepáraos unha fina moldura cun friso central ornamentado cunha sucesión de rombos coas puntas truncadas. A copa é lisa e acampanada, co bordo aberto, e non presenta subcopa.

Razóns de moi diversa índole fixeron que en Ourense sexan contados os vasos de tradición oxival dos que se ten constancia. A súa antigüidade, e o uso frecuente, desencadeou na deterioración da maior parte de exemplares que se viron abocados á fundición e renovación, aproveitando a ocasión para crear pezas cun estilo máis acorde ao da época da nova creación. Durante o Renacemento, moitas destas pezas, aínda que estivesen en bo uso, foron actualizadas e transformadas noutras máis equilibradas, ao seren consideradas desproporcionadas, especialmente pola grande amplitude dos seus baseamentos e das mazás.



DETALLE DO PÉ

Nestes últimos anos, estudamos un par de cálices de estilo gótico, a maiores deste, que servirán para que nun futuro se poida realizar unha investigación máis integral do panorama da ourivaría oxival ourensá. En primeiro lugar, o coñecido como cáliz de Marcelo Macías, que tamén forma parte dos fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, despois de que fose doado no 2018 por un dos herdeiros do crego, Luis Martínez-Risco Daviña, que nese mesmo ano figurou na exposición «Marcelo Macías. 175 aniversario», coa correspondente ficha no seu catálogo.

Maior interese para este caso presenta o cáliz de Santo Ildefonso de San Cibrao das Viñas, analizado no número 27 (2024) da revista *Auriensia*, pois son moitas as similitudes que garda coa peza obxecto de estudo. A estrutura é practicamente idéntica, soamente que no vaso de San Cibrao, o hastil comeza cun pequeno corpo prismático cun friso de reixa cega, e o do museo carece del. A segunda diferenza estriba en que a copa de San Cibrao vai montada sobre cardinas, e a outra non as ten. O nó é idéntico e a peaña presenta lixeiras variacións de carácter decorativo; así, o vaso do museo ten liso o bordo cóncavo do pé, mentres que o de Viñas se ornameta cunha sucesión de arquños con tres pequenos círculos nos seus arranques. Non obstante, esta mesma solución é adoptada polo noso cáliz para bordear o perímetro externo de tres dos lóbulos do baseamento. Outra diferenza radica en que os tres lóbulos sen decoración da peza do museo, no outro caso portan motivos vexetais. En todo caso, son variacións mínimas, pero o que si é innegable é que no cáliz de San Cibrao se aprecia unha maior calidade

técnica, especialmente na ornamentación, que resulta moito máis depurada.

O esquema deste cáliz aseméllase a unha formulación artística común doutros moitos centros produtores de España, e iso fai que garde semellanzas moi estreitas con pezas doutras praterías. Resulta especialmente significativo o parecido do vaso do museo cun que se conserva na Igrexa de Santa María do Saviñao (Lugo), estudado por Manuela Sáez na súa obra de 2003 *La platería en Tierra de Lemos*, pois ambas as pezas resultan practicamente idénticas.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueológico Provincial de Ourense

TEXTO: Ángel Domínguez López

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco